



CONCELLO DE REDONDELA

**SESION ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAN ESTEVO DE
NEGROS, CELEBRADA O DÍA 14 – OUTUBRO – 2015**

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DA XUNTANZA ANTERIOR.
- 2.- DAR CONTA DA SUPRESIÓN POR PARTE DO PLENO DOS PRESUPOSTOS PARTICIPATIVOS.
- 3.- NOMEAR REPRESENTANTE DO CONSELLO PARROQUIAL PARA A COMISIÓN TERRITORIAL DO PXOM.
- 4.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS CONSELLOS PARROQUIAIS.
- 5.- VARIOS

No Centro Cultural de San Estevo de Negros sendo as vinte horas e seis minutos do día catorce de outubro de dous mil quince, reúnense baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, do concelleira DONA. MARIA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA, asistindo:

GRUPOS POLITICOS:

PP – D. JULIO CARLOS ALONSO MONTEAGUDO,

B.N.G. - D. AGUSTÍN GONZÁLEZ CAMPO

AA.VV.:

D^a. CARMEN RODRÍGUEZ ALVAREZ



CONCELLO DE REDONDELA

ASOCIACIÓN CULTURAS:

D. EMILIO ANTÓN OTERO

D. GERARDO PAZOS CABALEIRO

COMUNIDADE DE AUGAS:

D. JUAN COLLAZO FAURE

AA. DE MULLERES

D^a. ANGELES PAZOS CABALEIRO

E actuando como Secretario do Consello accidentalmente, o funcionario de carreira do Concello, JUAN MANUEL GARCÍA RODRÍGUEZ, se constitúe o Consello Parroquial de San Estevo de Negros, convocado para o día de hoxe, en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese a tratar os puntos da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA XUNTANZA ANTERIOR.-

Pola Presidencia dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada polo Consello Parroquial o pasado **2 de xuño de 2015**.

Polo representante do Grupo Municipal do B.N.G. maniféstase que votará en contra da súa aprobación, como consecuencia de que dito Consello celebrouse unha vez celebradas as eleccións municipais, sen estar constituída a nova Corporación Municipal e sen saberse aínda os representantes nos Consellos Parroquiais dos Grupos Municipais na nova Corporación.

O representante do Grupo Municipal do PP, manifesta que figura en dita acta que asiste en representación do grupo municipal de A.E.R., D. Esteban Parada Diz, cando en realidade asistiu D. JOSÉ BERNARDO CRESPO ABAL.

Non habendo máis intervencións, o Consello Parroquial por maioría dos seus membros, co voto en contra do representante do Grupo Municipal do B.N.G., prestoulle a súa aprobación á referida acta, coa rectificación feita do nome do representante do Grupo Municipal de A.E.R., que asistira a dita reunión.-



2.- DAR CONTA DA SUPRESIÓN POR PARTE DO PLENO DOS PRESUPOSTOS PARTICIPATIVOS.-

Pola Presidencia dase conta ao Consello Parroquial que o grupo de goberno do Partido Popular levou ao Pleno do Concello do mes de xullo, a aprobación da proposta de reparto dos orzamentos participativos para o ano 2015, proposta que rechazaron os grupos políticos do PSOE, AER e BNG, logo de prestarlle a súa aprobación nos Consellos Parroquiais e Comisión Informativa de Facenda, e polo tanto non se aprobou polo Pleno, perdéndose eses cartos que pasan a engrosar o orzamento xeral do Concello.

A concelleira explica que no Pleno o voceiro do PSOE, Eduardo Reguera, dixo “...aínda que hai catro anos se felicitaron pola iniciativa dos orzamentos participativos pensan que habería que ir máis alá. Sinala que a cada parroquia correspóndenlle sobre 13.000 euros, sen ter en conta as singularidades de cadansúa delas. Considera que habería que dicidir entre todos cales son as necesidades parroquiais pero non de maneira estanca entre parroquias senón de xeito máis participativo e global e a estes efectos e pon como exemplo a Deputación de Lugo. Votarán en contra porque estiman que debería facerse doutra maneira.”

A Presidencia continúa indicando que o BNG mantivo sempre a mesma postura, a diferenza do PSOE e AER que nos Consellos votan a favor das obras a incluír nos participativos, e logo no Pleno votan en contra da proposta de aprobación.

Recalca a Presidencia que a finalidade dos Orzamentos Participativos foi a de crear unha partida cunha dotación orzamentaria, de xeito lineal para todas as parroquias, e aparte dos investimentos noutras infraestruturas que faga o Concello nas parroquias, eses cartos se invertirán no que os Consellos Parroquiais, constituídos por colectivos das parroquias, decidan.

Remata a Presidencia sinalando que o grupo de goberno levou a Pleno a proposta de aprobación, xa que ao non estar aprobado o Orzamento Municipal, non se poden facer variacións, e este ano quedaría así, e para o seguinte se recollerían as propostas dos demais grupos políticos. Como PSOE, AER e BNG votaron en contra, non se pudo aprobar a cantidade dos orzamentos participativos, agora hai que falar co Interventor do Concello e estudar o xeito de aproveitar eses cartos, senón pasarían a engrosar o Orzamento do Concello.

A representante da AA.VV., manifesta que non está de acordo, cun reparto non lineal, xa que, a máis habitantes non quere dicir maior necesidades, nin máis infraestruturas, xa que parroquias máis grandes teñen menos necesidades que outras parroquias máis pequenas.

A representante da AA de Mulleres pregunta si poden os Partidos Políticos votar en contra do acordado nos Consellos Parroquiais, por non estar de acordo co reparto lineal, respostándolle a Presidencia, que houbo que levar a aprobación ao Pleno por non estar aprobados os orzamentos municipais, pedindo aos representantes dos demais grupos políticos que este ano se mantivese igual, e que no 2016 se farian os cambios



CONCELLO DE REDONDELA

que se propuxeran, pero estes votaron en contra do reparto dos orzamentos participativos.

O representante do Grupo Municipal do B.N.G., manifesta que a postura do seu Grupo respecto deste tema, sempre foi clara e sempre a mesma, indicando que parroquias pequenas non poden ter un orzamento lineal como outras, por exemplo Chapela, xa que teñen máis e outras necesidades culturais, sociais, etc., e remata sinalando que si hai unha obra que, por seguridade, coma por exemplo o muro de Negros, precisa a realización de obras, estas se farán.

A Presidencia sinala que co reparto non lineal, vanse a enfrentar as parroquias.

A representante da AA.VV. manifesta que deben dicidir os veciños sobre eses cartos e a da AA. de Mulleres indica que non perxudica a ninguén.

A Presidencia manifesta que se lle pode enviar o acordo do Pleno do 30 de xullo, onde se rechazaron os orzamentos participativos.

A AA. de Mulleres indica que con este acordo o que se está facendo é perxudicar en lugar de avanzar.

O representante das AA. Culturais manifesta que con todo isto o problema é o retraso que sofre todo o proceso.

A Presidencia sinala que aparte dos participativos se segue invertindo na parroquia, como por exemplo coa subvención agora para Negros con motivo da “Festa da Mazá”, e o idoneo sería seguir este ano cos participativos como estaban.

O representante do B.N.G., sinala que se hai vontade política de facer as obras se fan.

A representante da AA. de Mulleres Angeles Pazos indica que todo é demagogia e a parroquia é a perxudicada.

3.- NOMEAR REPRESENTANTE DO CONSELLO PARROQUIAL PARA A COMISIÓN TERRITORIAL DO PXOM.-

A Presidencia pon en coñecemento do Consello Parroquial que como xa saben estase a redactar o Plan Xeral Municipal, por un equipo redactor.

Este equipo vai a constituir a Comisión Territorial, que estará composta por representantes de cada parroquia, con coñecemento do mesma, para que lle explique ben aos redactores as necesidades da parroquia e o documento que se confeccione sexa completo.



CONCELLO DE REDONDELA

Teñen que poñerse en contacto os colectivos coa finalidade de eleixir un representante e un suplente, que coñezan ben a parroquia e teñan mobilidade e dispoñibilidade. Unha vez que o teñan poden comunicalo ao Concello.

4.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS CONSELLOS PARROQUIAIS.-

A Presidencia pon de manifesto ao Consello Parroquial que se está procedendo polo grupo de goberno municipal a unha modificación do Regulamento dos Consellos Parroquiais, que se repartirá a todas as parroquias e aos demais grupos políticos, xa que hai parroquiais que aumentaron nos seus colectivos veciñais e outras por exemplo que o Consello sabe que algúns colectivos non participan nel, e a eses habería que dalos de baixa e nomear a outros no seu lugar.

O representante do grupo municipal do B.N.G., indica que o reparto dos membros hai que facelo parroquia por parroquia.

A Presidenta manifesta que se lle vai a enviar a proposta que redactou o goberno municipal e que logo de catro anos de andadura hai que facer cambios para mellorar o seu funcionamento. Remata sinalando que xa se fixo moito, pasamos de non ter nada, a que este goberno municipal puxo en marcha os Consellos Parroquiais.

5.- VARIOS.-

A Presidencia recorda ao Consello Parroquial que o vindeiro luns hai reunión da Comisión afectados do AVE que era convinte asistirán, e que o vixiante de obras do Concello está a facer un estudio relacionados de todo o que deixaron mal con motivo das obras para poder reclamarlles, e o Ministerio de Fomento terá que dar contestación a todas as reclamacións antes da cesión da obra a ADIF. Recorda a Presidencia que os membros do Consello Alonso Monteagudo e Antón Otero, forman parte de dita Comisión.

O representante das AA. Culturais, Antón Otero, pregunta como esta o proxecto da seguridade vial na EN-555, respostándolle a Presidencia que o proxecto publicouse para sacar a concurso, foron a falar co representante da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia, dos temas que preocupan aos veciños, como máis sinalización, así como o estudo da posibilidade de pasos elevados polo tema do paso de camións, así como se solicitou por escrito unha reunión do Ministerio-Concello e Veciños, para tratar in situ os problemas ou ben en Pontevedra.

A Representante da AA.VV. Carmen Rodríguez, recalca a necesidade da seguridade para cruzar para a Igrexa, que é perigoso saír do centro e ir para a Igrexa.



CONCELLO DE REDONDELA

A Presidencia, Carmen Amoedo, indica que o comenzo das obras en San Estevo é porque lle é menos costoso, xa que non hai que expropiar, e remata sinalando que si vamos gañando tramos de acerca, imos gañando seguridade.

Continua indicando a concelleira que o entorno da Igrexa non o fixeron, había que falar co párroco, xa que non hai cesión por escrito. Pregunta se non había un proxecto e dí que si hai cesión e autoriza a obra o Ministerio, cunha subvención que se solicitara podería facerse a obra, pero é preciso a cesión do terreo por parte da Igrexa. A representante da AA. de Mulleres, Angeles Pazos, indica que había terrenos comprados que non eran todos da Igrexa.

A Presidencia sinala tamén que era importante que para o vindeiro ano 2016, o Consello Parroquial expuxera dous proxectos importantes para a parroquia, priorizar dous, coa finalidade de ir encargando a súa redaccións, solicitar as pertinentes autorizacións, estudialo e decidides, este é o desexo do goberno municipal.

Así mesmo no Consello Parroquial falouse da limpeza da vía do tren en Fixón, sinalando o representante das AA. Culturais, Emilio Antón, que ADIF estivo limpando a maleza polos laterais, e un pouco o tunel pero falta o resto, indicando a concelleira que xa faláron co responsable de ADIF.

Así mesmo tratouse tamén o tema do poste de SEPAL, hai que ceder terreos, falouse con representante de Fomento, e hai que pedir que quiten o poste. O Concello ten que plantexar unha solución e falar antes de pedir a autorización, e que a entrada perigosa quede decente. ADIF cede os terreos, coa finalidade de que os mantemento o faga o Concello.

O representante do Grupo Municipal do B.N.G., pregunta polo picadeiro de cabalos existente, se reune medidas de seguridade e se posúe licencia de actividade, respostándolle a Presidencia que preguntará como está o tema e lle respostará.

Así mesmo no Consello Parroquial tratouse do tema do transporte ao novo hospital “Alvaro Cunqueiro”, se hai unha liña pola parroquia, respostándolle a Presidencia que non, de tódolos xeitos indica que se vai a falar coa empresa para mellorar a comunicación interparroquial con Redondela, xa que as empresas sé o servizo non lle é rentable non o prestan.

Falando deste tema a representante da AA. de Mulleres, Angeles Pazos, pregunta se non sería posible xestionar unha liña de autobús a O Porriño, xa que coñece a tres mulleres que van a traballar así, e teñen que ir primeiro a Vigo e logo alo.

A Presidencia lle resposta que recalca o de antes, si non lle é rentable a empresa non presta o servizo, de tódolos xeitos recalca que primeiro e importante mellorar a nosa conexión interna e logo co resto dos municipais, e remata sinalando que en 2016 se priorizará as rutas interparroquiais.



CONCELLO DE REDONDELA

Remata a Presidencia que as prioridades do Consello Parroquial son dúas: Nomear representantes na Comisión Territorial do PXOM e comunicar os nomes ao Concello, estudar os representantes dos colectivos da parroquia no Consello e os dous proxectos prioritarios para a parroquia.

E non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as vinteunha horas e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que exténdese a presente acta, da que, como Secretario do Consello, DOU FE.-

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

MARIA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA

JUAN MANUEL GARCIA RODRIGUEZ